

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia para a implantación dun sistema de ensinanzas artísticas superiores de Deseño de Produto con carácter dual polo réxime de bolsas e de contrato para a formación en alternancia.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Formación Profesional formalizou co Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18/07/2023 ata o 31/08/2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia para a implantación dun proxecto experimental con carácter dual en Galicia, do itinerario Xoiaría e complementos da especialidade Produto das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, que combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 45.1 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño.

A formación dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

A colaboración das empresas se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

